

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións “Otero Pedrayo” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas**, o día **13 de setembro de 2024**, ás **10:30 horas**, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**

Borja Vereza Fraiz  
(Presidente)  
María Dolores Hermelo Piñeiro  
(Vicepresidenta)  
Julio Ernesto Abalde Alonso  
(Secretario)

**Vogais:**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**

Raquel Arias Rodríguez  
José Luis Ferro Iglesias  
(en substitución de Miguel Ángel Viso Diéguez)  
Nicole Grueira Fernández  
(en substitución de Noelia Pérez López)  
Argimiro Marnotes Fernández  
(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)  
Carmen María Pomar Tojo  
(en substitución de José Manuel Mato Díaz)  
Cristina Sanz Arias  
Gonzalo Trenor López

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

Iria Carreira Pazos  
José Manuel Golpe Acuña  
José Daniel Pérez López  
Noa Olalla Presas Bergantiños  
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**

María Elena Espinosa Mangana

**Letrado:**

Juan Carlos Caride Puente

O presidente abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, despois de xustificar a inasistencia do señor Ojea Bouzo (M). Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

**Punto 1. Debate e votación das recomendacións ao Plan de traballo de 2024.**

**63790 (11/CPAT-000003)**

**Consello de Contas de Galicia**

**Plan anual de traballo do Consello de Contas de Galicia para o ano 2024**

*Publicación do programa anual de traballo, BOPG n.º 623, do 12.01.2024*

*Publicación do programa anual de traballo, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024*

*Publicación das recomendacións presentadas, BOPG n.º 51, do 17.07.2024*

A Presidencia informa da seguinte ordenación do debate: unha quenda de 10 minutos para cada grupo parlamentario para a defensa das recomendacións que formularon e para fixar a súa posición verbo das recomendacións do resto dos grupos parlamentarios. Seguidamente votaranse, sen prexuízo das transaccións que se poidan facer.

Por conseguinte, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios para defensa das súas recomendacións e posición respecto das recomendacións do resto dos grupos; intervén, en primeiro lugar, a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, quen, logo de recoñecer o traballo do Consello de Contas, explica e defende conxuntamente as 60 recomendacións presentadas polo seu grupo que considera perseguen unha maior transparencia e un control orzamentario das contas da administración autonómica no seu conxunto, e anuncia o apoio do seu grupo ás recomendacións do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e a abstención na do G.P. Popular de Galicia.

En segundo lugar, intervén a **señora Presas Bergantiños, Noa Olalla (BNG)**, quen defende as 58 recomendacións presentadas polo seu grupo ao Plan de Traballo de 2024, facendo especial fincapé na núm. 46, referente ao kickboxing, ao considerar insuficiente a proposta do G.P. Popular de Galicia, polo que lle gustaría chegar a un consenso máis ambicioso. Remata co pronunciamento favorable ás recomendacións do G.P. dos Socialistas de Galicia e a abstención de voto na recomendación presentada polo G.P. Popular de Galicia.

Finalmente intervén polo **G.P. Popular de Galicia a señora Sanz Arias, Cristina**, quen defende a recomendación presentada polo seu grupo, á vez que salienta a súa posición nas presentadas polos demais grupos parlamentarios e amosa os motivos do seu rexeitamento, agás a núm. 46 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego que espera acadar un acordo.

A Presidencia fai un breve receso co fin de que ambos grupos parlamentarios poidan acadar un acordo de transacción.

Suspéndese a sesión ás 11.05.

Reiniciada a sesión ás 11.10 horas, a Presidencia informa que, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, procederán ao trámite das votacións unha vez rematado o trámite do punto segundo.

Xa que logo, procédese ao debate do punto segundo.

**Punto 2. Debate e votación do informe da Ponencia sobre os informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de 2022.**  
56574 (11/ICON-000015)  
56574 (11/MCON-000004)  
*Publicación da memoria anual, BOPG n.º 542, do 10.08.2023*  
*Publicación das recomendacións presentadas, BOPG n.º 51, do 17.07.2024*  
*Informe da Ponencia: BOPG n.º 81, do 11.09.2024*

A Presidencia informa da seguinte ordenación do debate: unha quenda de 10 minutos para cada grupo parlamentario para a defensa das súas propostas de resolución e para fixar a súa posición verbo das propostas de resolución do resto dos grupos e deseguido, votaranse sen prexuízo das transaccións que se poidan facer.

Intervén, en primeiro lugar, a **señora Espinosa Mangana, María Elena (S)**, quen procede á defensa das 37 propostas de resolución presentadas polo seu grupo, para as que a Ponencia no seu informe, por maioría, recomenda a aceptación da número 16, e a transacción da núm. 29. E anuncia que non acepta as transaccións propostas nas núms. 14 e 38.

En segundo lugar, intervén a **señora Presas Bergantiños, Noa Olaia (BNG)**, quen defende as 41 propostas de resolución presentadas polo seu grupo, para as que a Ponencia no seu informe, por maioría, recomenda o seu rexeitamento.

En terceiro lugar, intervén a **señora Sanz Arias, Cristina (P)**, quen defende as 3 propostas de resolución presentadas polo seu grupo.

Asemade, sinala que a Ponencia, por maioría, recomenda a aceptación da proposta de ditame polo que se aproba a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio de 2021 e das núms. 1 e 2 deste grupo parlamentario.

Finalmente, destaca o traballo realizado en Ponencia por todos os grupos parlamentarios, á vez que salienta a aceptación da proposta de resolución núm. 16 do G.P. dos Socialistas de Galicia e a transacción acadada coa proposta núm. 29 do mesmo grupo, e lamenta que non chegaran a un acordo nas núms. 14 e 38.

Ao esgotarse o debate, a Presidencia dá paso ao trámite das votacións:

En primeiro lugar procede á votación das recomendacións presentadas polos diferentes grupos parlamentarios, pola orde e cos resultados que reflicten a seguir:

- Votación conxunta das 60 recomendacións do G.P. dos Socialistas de Galicia, que resultan **rexeitadas** por:

**Votos a favor:** ..... 7

**Votos en contra:** ..... 9

**Abstencións:** ..... 0

- Votación conxunta das 58 recomendacións do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, agás a número 46, que resultan **rexeitadas** por:

**Votos a favor:** ..... 7

**Votos en contra:** ..... 9

**Abstencións:** ..... 0

- Votación da recomendación número 46 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, que resulta **aprobada pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

- Votación da recomendación número 1 do G.P. Popular de Galicia, que resulta **aprobada** por:

**Votos a favor:** ..... 9

**Votos en contra:** ..... 0

**Abstencións:** ..... 7

En consecuencia, os textos das recomendacións aprobadas pola Comisión e que se trasladarán ao Consello de Contas de Galicia, son as seguintes:

*Recomendación núm. 1*

*O Parlamento de Galicia recomenda ao Consello de Contas realizar unha auditoría operativa dos concellos galegos que non cumpriron a súa obriga de renderen as súas contas segundo o previsto no artigo 223 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)*

*Recomendación núm. 2*

*O Parlamento de Galicia propón ao Consello de Contas realizar unha fiscalización da Federación Galega de Kickboxing, onde se comprobe, desde o ano 2020, o sometemento da súa actividade económica, financeira e contable ao ordenamento xurídico e ao principio de racionalidade e aos criterios de eficiencia e economía.*

A continuación procédese á votación das propostas de resolución presentadas polos diferentes grupos parlamentarios, cos resultados que reflicten a seguir:

En primeiro lugar, sométense a votación as propostas de resolución que a Ponencia recomenda a súa aceptación:

- Votación da proposta de ditame polo que se aproba a Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio 2021, que resulta **aprobada pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto

- Votación conxunta das propostas de resolución número 1 e 2 do G.P. Popular de Galicia, que resultan **aprobadas** por:

**Votos a favor:** ..... 9

**Votos en contra:** ..... 0

**Abstencións:** ..... 7

- Votación da proposta de resolución núm. 16, do G.P. dos Socialistas de Galicia, que resulta **aprobada pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

- Votación da transacción acadada coa proposta de resolución núm. 29, do G.P. dos Socialistas de Galicia, que resulta **aprobada pola unanimidade** dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

- Finalmente sométense a votación conxunta as propostas de resolución dos GG.PP dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, que a Ponencia recomenda o seu rexeitamento, e que resultan **rexeitadas** por:

**Votos a favor:** ..... 7

**Votos en contra:** ..... 9

**Abstencións:** ..... 0

A Presidencia informa que, conforme ao disposto no artigo 9 das Normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia, o Ditame da Comisión constituído pola proposta de aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021, mailas propostas de resolución aprobadas na Comisión, someteranse a debate e votación no Pleno da Cámara.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo levántase a sesión.

Remata a sesión ás 11:50 horas.

**Julio Ernesto Abalde Alonso**  
Secretario da Comisión

**V. e pr.**  
**Borja Vereza Fraiz**  
Presidente da Comisión